

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

9973 *Lei 4/2009, do 15 de xuño, de control de precursores de drogas.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

O artigo 12 do Convenio das Nacións Unidas contra o tráfico ilícito de estupefacientes e substancias psicotrópicas, adoptado en Viena o 19 de decembro de 1988, do cal España é parte, recolle a adopción de medidas adecuadas para controlar a fabricación e a distribución de precursores entre os Estados membros.

Estas substancias químicas, que se desvían do seu curso legal e se utilizan para a elaboración de distintos tipos de drogas, prodúcense fundamentalmente en países desenvolvidos, motivo polo cal estes países adquiren compromisos derivados da adhesión a convenios internacionais como o mencionado, a través dos cales adoptan normativas e lexislan para conseguir unha harmonización adecuada e eficaz que facilite o control dos precursores desde a súa fabricación ata o seu destino final, co obxecto de evitar o seu desvío para fins ilícitos.

Non obstante, débese ter en conta que estas substancias se destinan fundamentalmente á fabricación industrial de importantes derivados moi correntes e necesarios na nosa sociedade e que, polo tanto, o seu control se debe dirixir unicamente a evitar o seu desvío para a elaboración ilícita de drogas, sen interferir no normal funcionamento da súa fabricación e comercio.

No ámbito da Unión Europea, o establecemento de medidas adecuadas a tal fin veu desenvolvéndose a través de regulamentos e de directivas, que desembocaron en disposicións nacionais, como é, no caso español, a Lei 3/1996, do 10 de xaneiro, sobre medidas de control de substancias químicas catalogadas susceptibles de desvío para a fabricación ilícita de drogas, así como o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 865/1997, do 6 de xuño.

O Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea, tras a avaliación das experiencias e logros obtidos en materia de control de precursores de drogas, e sen esquecer en ningún momento que, en principio, o comercio das substancias empregadas na industria química e farmacéutica é legal, chegou á conclusión de que é máis adecuado neste momento un regulamento que garanta a aplicación directa de normas harmonizadas, en lugar de utilizar como instrumento normativo unha directiva, máxime tras a ampliación do número de membros da Unión Europea a 27 Estados.

Por iso, o Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea aprobaron o Regulamento (CE) 273/2004, do 11 de febreiro, sobre precursores de drogas; o Regulamento (CE) 111/2005, do Consello do 22 de decembro de 2004, polo que se establecen normas para a vixilancia do comercio de precursores de drogas entre a Comunidade e países terceiros; e o Regulamento (CE) 1277/2005 da Comisión, do 27 de xullo, polo que se establecen normas de aplicación dos dous primeiros.

Aínda que estes regulamentos son de carácter obrigatorio en todos os seus elementos e directamente aplicables nos Estados membros, estes ordenan a cada Estado determinar o réxime de sancións aplicables ás infraccións a cada un destes regulamentos, así como

adoptar as medidas necesarias para garantir a súa aplicación. As sancións que, se é o caso, se prevexan deberán ser eficaces, proporcionadas e disuasorias.

En cumprimento do dito mandato elaborouse esta lei cuxo contido se limita a regular aqueles aspectos esenciais para poder aplicar no noso país as medidas que se recollen en cada un dos tres regulamentos comunitarios e poder sancionar todo feito contrario ás obrigas contidas neles.

A lei divídese en tres capítulos, cinco disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e catro disposicións derradeiras.

No capítulo I defínese como obxecto da lei establecer o sistema de outorgamento de licenzas de actividade, así como o réxime de sancións que será de aplicación en caso de infracción das disposicións recollidas nos referidos regulamentos.

Neste sentido a lei insírese no artigo 149.1.10.^a e 29.^a da Constitución, que asigna ao Estado competencia exclusiva en materia de comercio exterior, alfándegas e seguranza pública.

O Ministerio do Interior e o Ministerio de Economía e Facenda serán as autoridades competentes, en relación co incumprimento das obrigas establecidas nos regulamentos comunitarios, no ámbito das súas respectivas competencias.

No Ministerio do Interior existirá un Rexistro Xeral de Operadores de Substancias Químicas Catalogadas e, no Ministerio de Economía e Facenda, existirá un Rexistro de Operadores de Comercio Exterior de Substancias Químicas Catalogadas.

Ambos os dous rexistros serán únicos para todo o territorio nacional, o que supón unha novidade respecto ao Rexistro Xeral.

As licenzas de actividade serán concedidas polo Ministerio do Interior para as operacións intracomunitarias e polo Ministerio de Economía e Facenda para as operacións extracomunitarias.

O capítulo II está dedicado ás infraccións, e nel relaciónanse todos aqueles feitos que poidan ser cualificados como infraccións graves ou moi graves ás obrigas establecidas polos regulamentos comunitarios.

Determinanse os seus respectivos prazos de prescrición, que será aos catro anos, dous anos e un ano, para as infraccións moi graves, graves e leves respectivamente, contados desde o día en que a infracción se cometese ou, no caso dunha actividade continuada, desde a finalización da actividade ou a data do último acto con que a infracción se consume.

Rebáixase de cinco anos a catro o prazo para as infraccións moi graves, e amplíase o prazo das infraccións leves de seis meses a un ano.

O capítulo III refírese ás sancións, que poderán ser de multa cando se impoña por infraccións leves ou, no caso de infraccións graves ou moi graves, poderanse impor, de forma conxunta ou alternativa, as sancións de multa ou a suspensión da licenza ou licenzas de actividade polo período de tempo que se determine e, no caso das moi graves, ademais a retirada da licenza.

Seguindo a recomendación da Unión Europea aos Estados membros no sentido de dispor nas súas normativas nacionais na materia dun réxime sancionador que garanta a súa aplicación e que responda aos principios de eficacia, proporcionalidade e disuasión, aplicouse unha rebaixa substancial do importe das multas, así como do tempo de suspensión da licenza de actividade.

Así mesmo, a dualidade multa/suspensión ou retirada mantense, pero agora ben de forma conxunta ou ben de forma alternativa.

Ademais inclúense varios preceptos en relación co procedemento sancionador, como a posibilidade de adoptar medidas provisionais, a competencia para impor as sancións ou a súa publicidade.

Tamén se establecen aqueles supostos en que a sanción que se impoña por cometer algunha das infraccións tipificadas na lei comporta o comiso de determinados bens, obxectos ou instrumentos, e mesmo o seu posible alleamento, tanto pola autoridade administrativa, xa sexan os ministros ou os secretarios de Estado aos cales esta lei lles recoñece esta competencia, como pola autoridade xudicial no suposto de que se interpoña

recurso contencioso-administrativo contra as resolucións ditadas por esas autoridades administrativas.

As cinco disposicións adicionais atenden aos réximes especiais, á promoción da colaboración voluntaria, ao destino das multas e ganancias comisadas, ao deber de colaboración de autoridades e funcionarios e ao intercambio de información internacional.

A disposición transitoria única establece un prazo de tres meses para que os rexistros delegados, ao quedaren suprimidos, transfiran todos os datos de que dispoñan ao Rexistro Xeral de Operadores de Substancias Químicas Catalogadas, ao ser único en todo o territorio nacional.

A disposición derogatoria única derroga expresamente a Lei 3/1996, do 10 de xaneiro.

As catro disposicións derradeiras refírense ao título competencial en virtude do cal se dita esta lei, á autorización ao Goberno para a actualización das sancións, así como para ditar as normas necesarias para o seu desenvolvemento regulamentario, e, por último, á súa entrada en vigor.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto desta lei é establecer o sistema de outorgamento de licenzas de actividade, así como o réxime sancionador aplicable en caso de infracción das disposicións recollidas no Regulamento 273/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro, sobre precursores de drogas; o Regulamento 111/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, polo que se establecen normas para a vixilancia do comercio de precursores de drogas entre a Comunidade e países terceiros; e o Regulamento 1277/2005 da Comisión, do 27 de xullo, polo que se establecen normas de aplicación dos dous anteriores.

Artigo 2. *Autoridades competentes.*

Para os efectos desta lei serán autoridades competentes:

a) O Ministerio de Economía e Facenda en relación co incumprimento das obrigas establecidas no Regulamento 111/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004.

b) O Ministerio do Interior en relación co incumprimento das obrigas establecidas no Regulamento 273/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro.

O Regulamento 1277/2005 da Comisión, do 27 de xullo, que ten carácter complementario dos anteriores, será aplicado por cada ministerio en función da distribución de competencias expresada nos parágrafos anteriores.

Artigo 3. *Rexistros de operadores.*

1. No Ministerio do Interior existirá un Rexistro Xeral de Operadores de Substancias Químicas Catalogadas no cal se inscribirán, na forma que se determine regulamentariamente, as persoas físicas e xurídicas que realicen operacións con substancias catalogadas, conforme se establece no Regulamento 273/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro.

2. No Ministerio de Economía e Facenda existirá un Rexistro de Operadores de Comercio Exterior de Substancias Químicas Catalogadas no cal se inscribirán, na forma que se determine regulamentariamente, as persoas físicas e xurídicas que realicen operacións con substancias catalogadas conforme se establece no Regulamento 111/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, e no Regulamento 1277/2005 da Comisión, do 27 de xullo.

3. Ambos os dous rexistros serán únicos para todo o territorio nacional.

4. Calquera modificación dos datos que consten nestes rexistros que se produza durante o tempo que dure a actividade ou actividades para as cales se inscribisen, deberase comunicar ao rexistro no prazo de quince días contados desde o momento en que se producise.

Artigo 4. *Licenzas de actividade.*

1. As licenzas de actividade serán concedidas polo Ministerio do Interior para as operacións que así o requiran conforme o disposto no Regulamento 273/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro, e polo Ministerio de Economía e Facenda para as operacións que así o requiran conforme o disposto no Regulamento 111/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, e terán a vixencia que regulamentariamente se determine.

2. Para obter unha licenza de actividade aplicarase o disposto no Regulamento 1277/2005 da Comisión, do 27 de xullo.

3. Para suspender, retirar ou renovar unha licenza de actividade, atenderase ao disposto no Regulamento 1277/2005 da Comisión, do 27 de xullo, e no Regulamento 111/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004.

CAPÍTULO II

Das infraccións

Artigo 5. *Infraccións en materia de precursores de drogas.*

1. Constitúen infraccións administrativas en materia de precursores de drogas as accións e omisións, mesmo a título de simple negligencia, que sexan contrarias ás obrigas e deberes establecidos no Regulamento 273/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro; no Regulamento 111/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, e no Regulamento 1277/2005 da Comisión, do 27 de xullo.

2. Serán responsables das infraccións administrativas en materia de precursores de drogas as persoas físicas ou xurídicas que por acción ou omisión incorran nos supostos tipificados como infraccións.

Artigo 6. *Infraccións leves.*

Constitúen infraccións leves os incumprimentos das obrigas recollidas no Regulamento 273/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro; no Regulamento 111/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, e no Regulamento 1277/2005 da Comisión, do 27 de xullo, sempre que non constitúan infraccións graves ou moi graves, conforme o disposto nesta lei.

Artigo 7. *Infraccións graves.*

Constitúen infraccións graves as seguintes condutas:

a) Non comunicar na forma que se estableza regulamentariamente as modificacións dos datos que deban constar no Rexistro Xeral de Operadores de Substancias Químicas Catalogadas ou no Rexistro de Operadores de Comercio Exterior de Substancias Químicas Catalogadas.

b) Non designar un axente responsable do comercio de substancias catalogadas cando esta designación sexa preceptiva.

c) Subministrar substancias catalogadas da categoría 1 do anexo I do Regulamento 273/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro, ou do Regulamento 111/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, sen comprobar de modo dilixente que a persoa física ou xurídica destinataria delas posúe licenza de actividade para operar con tales substancias.

d) Non obter dos clientes a declaración de uso ou usos específicos das substancias catalogadas subministradas.

- e) Incumprir as obrigas relativas á documentación que se deba xuntar ás operacións con substancias catalogadas, así como no referido á súa etiquetaxe.
- f) Non informar inmediatamente as autoridades competentes acerca dos pedidos e transaccións de substancias catalogadas sobre os cales se teña certeza ou sospeita razoable de que estas substancias se poden desviar cara á fabricación ilícita de estupefacientes ou de substancias psicotrópicas.
- g) Carecer das medidas de protección ou dos protocolos de actuación para a realización de actividades con substancias catalogadas, na forma que se determine regulamentariamente, sen que estas carencias desen lugar á subtracción ou retirada non autorizada de substancias catalogadas.

Artigo 8. *Infraccións moi graves.*

Constitúen infraccións moi graves das obrigas impostas por esta lei as seguintes condutas:

- a) Realizar actividades con substancias catalogadas sen ter obtido a inscrición no Rexistro Xeral ou no Rexistro de Operadores de Comercio Exterior de Substancias Químicas Catalogadas requirida para tales actividades.
- b) Realizar actividades con substancias catalogadas sen ter obtido a licenza de actividade requirida, se é o caso, para tales actividades ou tendo sido suspendida ou tendo expirado o prazo da súa vixencia.
- c) Presentar datos ou documentos falsos ou manifestamente inexactos para obter a inscrición no Rexistro Xeral ou no Rexistro de Operadores de Comercio Exterior de Substancias Químicas Catalogadas ou para obter unha licenza de actividade.
- d) Subministrar substancias catalogadas da categoría 1 do anexo I do Regulamento 273/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro, ou do Regulamento 111/2005 do Consello, do 22 de decembro, sabendo que a persoa física ou xurídica destinataria delas carece da licenza de actividade para operar con tales substancias.
- e) A resistencia, obstrución, ou negativa ás actuacións dos órganos da Administración que resulten competentes en cada caso e, en particular:
 - Non facilitar o exame de documentos, informes, antecedentes, libros, rexistros, ficheiros, facturas, xustificantes e asentos de contabilidade principal ou auxiliar, programas e arquivos informáticos, sistemas operativos e de control, e calquera outro dato con transcendencia para o control.
 - Negar ou impedir indebidamente a entrada ou permanencia en predios ou locais aos funcionarios autorizados da Administración ou o recoñecemento de locais, máquinas, instalacións e explotacións que se utilicen para o desempeño de actividades en relación coas substancias catalogadas.
 - Non atender algún requirimento debidamente notificado.
- f) Realizar operacións con substancias catalogadas sobre as cales se teña certeza ou sospeita razoable de que estas substancias se poden desviar cara á fabricación ilícita de estupefacientes ou de substancias psicotrópicas, sen ter notificado tal certeza ou sospeita ás autoridades competentes, ou antes de que estas respondesen á notificación previa do operador.
- g) Carecer das medidas de protección ou dos protocolos de actuación para a realización de actividades con substancias catalogadas, na forma que se determine regulamentariamente, sempre que tales carencias desen lugar á subtracción ou retirada non autorizada de substancias catalogadas.
- h) Realizar actividades con substancias catalogadas sen a autorización de exportación ou sen a autorización de importación cando sexan preceptivas ou se expirase o seu período de validez.
- i) Realizar accións tipificadas como graves cando durante os cinco anos anteriores o suxeito infractor fose condenado en sentenza firme por un delito contra o tráfico ilícito de drogas, tipificado no Código penal, ou sancionado en firme polo menos por dúas infraccións

administrativas graves das establecidas nesta lei. Neste suposto, en ningún caso se poderá ter en conta a reincidencia como criterio para graduar a sanción que se imporá.

Artigo 9. *Concurso con outros procedementos.*

1. Non se poderán sancionar de acordo con esta lei as condutas que o fosen penal ou administrativamente, cando se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

2. Cando os feitos motivo do expediente puideren ser constitutivos de delito, ordenarase, se se tiver incoado, a suspensión do procedemento sancionador, dándose traslado daqueles ao Ministerio Fiscal. Terminado o procedemento penal proseguirase a tramitación do procedemento sancionador contra os suxeitos obrigados que non fosen condenados en vía penal. Non se poderá proseguir o procedemento administrativo sancionador sobre os mesmos fundamentos xa considerados no proceso penal. A resolución que se dite deberá respectar en todo caso a declaración de feitos probados no dito procedemento penal.

Artigo 10. *Prescripción de infraccións.*

1. As infraccións moi graves prescribirán aos catro anos, as graves aos dous anos e as leves ao ano.

2. O prazo de prescripción contarase desde a data en que a infracción fose cometida. Nas infraccións derivadas dunha actividade continuada a data inicial do cómputo será a da finalización da actividade ou a do último acto con que a infracción se consume. A prescripción interromperase pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, volvendo correr o prazo se o expediente quedar paralizado durante un mes por causa non imputable a aqueles contra os cales se dirixa. Tamén se interromperá pola iniciación dun proceso penal polos mesmos feitos ou por outros cuxa separación dos sancionables de acordo con esa lei sexa racionalmente imposible.

CAPÍTULO III

Das sancións e do procedemento sancionador

Artigo 11. *Sancións por infraccións leves.*

As infraccións leves serán sancionadas con multas desde 300 euros ata 600 euros.

Artigo 12. *Sancións por infraccións graves.*

As infraccións graves serán sancionadas, de forma conxunta ou alternativa, con:

- a) Multas desde 601 euros ata 6.000 euros.
- b) Suspensión da licenza ou licenzas de actividade por un período de ata seis meses.

Artigo 13. *Sancións por infraccións moi graves.*

As infraccións moi graves serán sancionadas, de forma conxunta ou alternativa, con:

- a) Multas desde 6.000 hasta 60.000 euros.
- b) Retirada da licenza ou licenzas de actividade ou a suspensión destas por un período de ata cinco anos. A retirada da licenza comportará a cancelación da inscrición no Rexistro Xeral de Operadores de Substancias Químicas Catalogadas ou no Rexistro de Operadores de Comercio Exterior de Substancias Químicas Catalogadas, correspondente.

Artigo 14. *Gradación das sancións.*

As sancións aplicables en cada caso pola comisión de infraccións graduaranse considerándose, ademais dos criterios establecidos no artigo 131.3 da Lei 30/1992, do 26

de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por:

- a) O risco para a saúde pública e o dano causado á saúde dos cidadáns, se é o caso, como consecuencia da infracción.
- b) O alcance da subtracción ou da retirada non autorizada.
- c) O volume de actividade comercial do infractor con substancias catalogadas.
- d) O beneficio ilícito obtido, se é o caso, como consecuencia da infracción.
- e) As sancións firmes por infraccións graves ou moi graves das previstas nesta lei impostas ao suxeito obrigado nos últimos cinco anos.
- f) Areincidencia, por comisión ou omisión, no termo dun ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme.

Artigo 15. *Prescripción das sancións.*

As sancións moi graves, graves e leves prescribirán, respectivamente, aos catro anos, dous anos e un ano, contados desde o día seguinte a aquel en que adquirise firmeza a resolución pola cal se impuxo a sanción.

Artigo 16. *Competencia para a imposición de sancións.*

1. Para a imposición de sancións pola comisión de infraccións moi graves serán competentes os ministros do Interior e de Economía e Facenda no ámbito das súas respectivas competencias.
2. Para a imposición de sancións pola comisión de infraccións graves e leves serán competentes o secretario de Estado de Seguranza e o secretario de Estado de Facenda e Orzamentos, no ámbito das súas respectivas competencias.
3. As resolucións sancionadoras porán fin á vía administrativa e será impugnables ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Artigo 17. *Instrución do procedemento.*

A iniciación e instrución do procedemento sancionador corresponderá aos ministerios do Interior e de Economía e Facenda, no ámbito das súas respectivas competencias, na forma que regulamentariamente se estableza, e, en todo caso, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 18. *Adopción de medidas provisionais.*

1. En calquera momento da instrución do procedemento sancionador por infracción grave ou moi grave, o órgano competente que ordenase a súa incoación poderá adoptar, mediante acordo motivado, as seguintes medidas de carácter provisional, de forma conxunta ou alternativa:
 - a) A inmovilización de substancias catalogadas relacionadas coa presunta infracción.
 - b) A suspensión temporal do exercicio de actividades con substancias catalogadas.
2. A adopción de tales medidas comunicarase o antes posible ao órgano competente para impor a sanción, quen, no prazo de dez días hábiles desde que foron acordadas, deberá ratificalas ou deixalas sen efecto. Se non o fixer, as medidas entenderanse levantadas ao finalizar este prazo.
3. As medidas provisionais adoptadas terán unha duración máxima de tres meses en caso de infracción grave, e de seis meses en caso de infracción moi grave.

Artigo 19. *Comiso e alleamento cautelar.*

1. Toda sanción que impuxer a comisión das infraccións tipificadas nesta lei levará consigo o comiso dos seguintes bens, efectos e instrumentos:

- a) As mercadorías que constitúan o obxecto da infracción.
- b) Os materiais, instrumentos ou maquinaria empregados na fabricación, elaboración, transformación ou comercio das substancias químicas catalogadas.
- c) As ganancias obtidas, calquera que sexan as transformacións que puidesen experimentar.
- d) Cantos bens e obxectos, da natureza que foren, servisen de instrumento para a comisión da infracción.

2. Non se procederá ao comiso dos bens, obxectos e instrumentos mencionados no punto anterior cando estes sexan de lícito comercio e fosen adquiridos por un terceiro de boa fe.

3. Incoado un procedemento administrativo sancionador, poderanse intervir os bens ou dereitos que poidan ser obxecto de comiso.

4. O órgano competente para acordar o comiso poderá dispor en calquera momento do procedemento o alleamento dos bens ou dereitos intervidos, nos supostos seguintes:

- a) Cando o seu propietario faga expreso abandono deles, e
- b) Cando a súa conservación poida resultar perigosa para a saúde ou seguranza pública ou dar lugar a diminución importante do seu valor. Entenderanse comprendidos nesta alínea as mercadorías, xéneros ou obxectos que, sen sufriren deterioración material, se deprecian polo transcurso do tempo.

O produto do alleamento depositarase coas debidas garantías.

O acordo de alleamento porá fin á vía administrativa, notificaráselles aos interesados e será susceptible de recurso.

5. Cando pola interposición dun recurso administrativo se acorde a suspensión das resolucións sancionadoras que leven consigo o comiso, poderase dispor que con carácter cautelar se proceda ao alleamento dos bens ou dereitos intervidos, nos supostos do número anterior.

Artigo 20. *Execución das sancións.*

1. As sancións serán executivas desde que se dite a resolución que poña fin á vía administrativa.

2. Cando a sanción sexa de natureza pecuniaria, a autoridade que a impoña sinalará o prazo para satisfacela, que non será inferior a quince días hábiles nin superior a trinta, podendo acordarse o fraccionamento do pagamento, na forma que se determine regulamentariamente.

3. Nos casos de suspensión temporal ou retirada dunha licenza de actividade, a autoridade sancionadora sinalará un prazo de execución adecuado, que non será inferior a quince días hábiles nin superior a trinta, logo de audiencia da persoa física ou do representante da persoa xurídica, titulares da licenza e dos terceiros que puideren resultar afectados.

4. Para a execución forzosa das sancións seguirase o procedemento previsto na normativa vixente.

Artigo 21. *Publicidade das sancións.*

As resolucións sancionadoras dos procedementos por infraccións moi graves faranas públicas as autoridades competentes para impor as sancións, unha vez sexan firmes en vía administrativa, na forma que regulamentariamente se determine.

Disposición adicional primeira. *Especialidades de determinados operadores.*

1. Deberanse inscribir no Rexistro Xeral de Operadores de Substancias Químicas Catalogadas que se establece no número 1 do artigo 3 desta lei as farmacias, os dispensarios de produtos veterinarios, os laboratorios das Forzas Armadas e dos Corpos e Forzas de Seguranza, e calquera outro tipo de autoridades ou institucións que regulamentariamente se determine, para o uso das substancias catalogadas das categorías

1 e 2 do anexo I do Regulamento 273/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro, no ámbito das súas actividades profesionais ou oficiais.

2. Tamén deberán obter a licenza de actividade a que se refire o artigo 4 desta lei as farmacias, os dispensarios de produtos veterinarios, os laboratorios das Forzas Armadas e dos Corpos e Forzas de Seguranza, e calquera outro tipo de autoridades ou institucións que regulamentariamente se determine, para o uso das substancias catalogadas da categoría 1 do anexo I do Regulamento 273/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro, no ámbito das súas actividades profesionais ou oficiais.

3. As farmacias, os dispensarios de produtos veterinarios, as alfándegas, os laboratorios das Forzas Armadas e dos Corpos e Forzas de Seguranza e calquera outro tipo de autoridade ou institución que regulamentariamente se determine, estarán exentos das obrigas que se determinan no Regulamento 1277/2005 da Comisión, do 27 de xullo.

Disposición adicional segunda. *Promoción da colaboración voluntaria.*

1. O Goberno promoverá convenios de colaboración voluntaria entre a industria química e farmacéutica e os departamentos ministeriais competentes, especialmente no relativo ás substancias químicas non catalogadas, entendéndose por tales calquera substancia que fose identificada por ser utilizada na fabricación ilícita de estupefacientes ou de substancias psicotrópicas.

2. Así mesmo, instrumentaranse mecanismos de colaboración e as oportunas canles de coordinación coas comunidades autónomas para pór en práctica con eficacia aquelas medidas previstas nesta lei que deban, se é o caso, levar a cabo as policía autónomas.

Disposición adicional terceira. *Destino das multas e das ganancias comisadas.*

Ao importe das multas e das ganancias comisadas, acordadas na resolución sancionadora, daráselle o destino previsto na Lei 17/2003, do 29 de maio, pola que se regula o Fondo de bens comisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados.

Disposición adicional cuarta. *Deber de colaboración de autoridades e funcionarios.*

Sen prexuízo do establecido nas leis penais e na Lei de axuízamento criminal, toda autoridade ou funcionario, incluídos os de arancel, que descubran feitos que poidan constituír indicios ou probas de desvío ilícito de substancias químicas catalogadas, deberán informar diso as autoridades competentes.

O incumprimento desta obriga polos funcionarios públicos poderá ser sancionado disciplinariamente de acordo coa lexislación específica que lles sexa de aplicación.

Disposición adicional quinta. *Intercambio de información internacional.*

O intercambio de información con organismos internacionais e con outros Estados condicionarase ao disposto na normativa comunitaria, nos convenios e tratados internacionais ou, en defecto dos anteriores, ao principio xeral de reciprocidade, así como ao sometemento das ditas autoridades estranxeiras ás mesmas obrigas de segredo profesional que rexen para as españolas.

Disposición transitoria única. *Traspaso de datos ao Rexistro Xeral de Operadores de Substancias Químicas Catalogadas.*

Os rexistros delegados transferirán todos os datos de que dispoñan ao Rexistro Xeral de Operadores de Substancias Químicas Catalogadas que se regula no artigo 3.1 desta lei, no prazo de tres meses desde a súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogada a Lei 3/1996, do 10 de xaneiro, sobre medidas de control de substancias químicas catalogadas susceptibles de desvío para a fabricación ilícita de drogas, e cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10.^a e 29.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime alfandagueiro, comercio exterior e seguranza pública.

Disposición derradeira segunda. *Actualización das sancións.*

Autorízase o Goberno para que, mediante real decreto, actualice a contía das sancións pecuniarias previstas nesta lei, de acordo coas variacións do índice de prezos de consumo.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno, por proposta dos ministros do Interior e de Economía e Facenda, aprobará as normas necesarias para o seu desenvolvemento regulamentario.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 15 de xuño de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO